


Manuel Mariño

Beleza, amor e compromiso



XUNTA DE GALICIA

1. O DESACOUGO DUN MOZO INADAPTADO

“Eu son o druída de 19 anos...”

Manuel María naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929 nun contexto rural no que, como el mesmo di, só os tres ou catro funcionarios do concello non eran labregos. O seu primeiro contacto coa literatura galega vaille vir polos exemplares de *Cantares Gallegos* de Rosalía e as pezas teatrais de Carré Alvarellos que o seu pai tiña na casa, así como polo comentario de textos literarios galegos que os sábados lle facía o seu mestre Xoán Bautista Núñez. Xa de adolescente vai ser o poeta popular Manuel de Paderna quen o introduza na arte da versificación coa que completa o seu marcado gusto pola literatura.



Cos seus pais e irmáns Antón, Suso e Pepe no ano 1940

Cando está a rematar o primeiro curso de bacharelato en Lugo, en 1943, falece o seu pai e pasa a vivir co seu tío Xosé Fernández, párroco de S. Froilán e profesor de filosofía, en cuxa biblioteca nutre as súas abundosas lecturas. Este gusto pola literatura tamén se ve reforzado polo seu profesor Lázaro Montero que pon nas súas mans os poetas españois da Xeración do 27.

Os seus primeiros pasos na escrita dáos xa de adolescente e lévaos a cabo, loxicamente, en castelán, “a fala na que fun domesticado”. Mais a súa identificación sentimental e lingüística co contorno galego e popular do que procedía vaise ver reforzado ao integrarse no faladoiro que mantiñan na cidade de Lugo, no café Méndez Núñez, os escritores e artistas anteriores a 1936: Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Carvalho Calero, Ánxel Xohán ou Luís Pimentel. Aos 22 anos relacionouse, pola súa estancia en Santiago por mor do servizo militar, con Otero Pedrayo, Bouza Brey e o pintor Carlos Maside, o seu introdutor no pensamento nacionalista de Castelao e no socialismo marxista.

Con 19 anos escribe *Muiñeiro de Brétemas* (1950), convértese no primeiro mozo en facelo en galego despois da Guerra Civil. Este libro non ía ser máis que a primeira manifestación dunha vocación literaria,



Retrato de Manuel María realizado por Carlos Maside

tan marcada desde os comezos, que aos 23 anos xa ten escritos oito libros de poemas: *Muiñeiro de Brétemas*, *Elexías á miña vida pequena*, *Morrendo a cada intre*, *Advento*, *Libro de Pregos*, *Panxoliñas*, *Poemas a Compostela e Miño*. Estas primeiras obras son propias dun mozo que vive con desacougo, e mesmo angustia, as contradicións familiares propias da súa idade, as relixiosas derivadas da súa formación, as existenciais propias da época e a temática amorosa aínda coma fantasía.

2. MÁIS ALÓ DO EU, A PAISAXE HUMANIZADA

“Eu quero esta paisaxe verde, eterna que está viva”.

Esos primeiros pasos literarios, que poderíamos denominar de preocupación existencial, van ser tan intensos en produción como curtos no tempo. Con 24 anos el mesmo anuncia un cambio afirmando que “a poesía galega estíbese complicando moito. Facíase unha poesía puramente inxeniosa ou altamente cerebral que non chegaba ao corazón do pobo, á alma do campesiño ou do mariñeiro”.

Con esta formulación aparece *Terra Chá* (1954), obra que, cunha linguaxe sinxela e popular, canta a forma de vida dun territorio concreto de Galiza, o seu orixinario, mais que ben podería representar unha exemplificación da Galiza labrega no seu conxunto.

O melro

**No tempo de botar o liño,
agachado na silveira,
canta o melro melriño
a vida da Primavera.**

**Se chove, chove amodiño
sobre da flor das cerdeiras.
E o melro, melro melriño
canta de moitas maneiras!**

(Terra Chá, 1954)

Poceiras

Brillan ao sol as poceiras!
Xa pouco máis brillarán!
Hainas de cen mil maneiras
e están tiradas no chan.

A choiva fíxoas nacer
sobre o monte ou no camiño.
E fainas o sol morrer
amodiño, amodiño...

E na terra están tiradas.
Viven nun barrizal!
E son por todos tripadas
e a ningún fixeron mal!

(*Terra Chá*, 1954)

3. A IDENTIFICACIÓN COA TERRA

"Amade sempre a terra vosa nai / e cada vez seredes máis humanos..."

Manuel María móstranos unha fonda identificación coa terra, co mundo que o viu nacer, coas súas raíces rurais e labregas, ao tempo que se rebela contra a destrución que dese mundo se está a producir en nome do progreso. Mais hai tamén un sentimento que vai máis aló, o sentimento de formar parte inseparábel da terra-natureza. O ser humano vén da terra, é un anaco da terra e a ela retorna. Estarmos abertos á natureza, sentírmonos parte dela para comprender o que nos din as cou-

ras, os regatos, as fontes, os ríos, as árbores e os seus froitos, as estrelas ou os paxaros. Ese é o xeito de nos humanizarmos.




Ilustración de Xaquín Marín


4. UN PASO MÁIS: GALIZA É A MIÑA PATRIA

"...Por Galiza ten verdadeiro sentido a nosa vida"

Entre 1954 e 1963 escribe sete libros de versos aínda que só logra publicar dous: *Documentos personais* (1958) e *Mar Maior* (1963). Neles desaparece a atmosfera de angustia persoal das súas primeiras obras e domina unha perspectiva máis social do ser humano e do seu contexto. O 25 de xullo de 1964 fúndase a

Unión do Povo Galego (UPG), da que Manuel María, xunto con Saleta, formou parte inmediatamente. A identificación coa terra-natureza, sempre presente na súa poesía, vai ceder protagonismo á identificación coa Patria (a nación galega) até se converter no cronista literario do esforzo do pobo galego por tomar conciencia de si mesmo e dos seus intereses no tardofranquismo. A súa obra é, cada vez máis, o eco poético do combate contra a colonización de Galiza, en defensa das clases populares e o seu dereito a viviren en paz e harmonía na propia Terra.

A censura franquista non tolerou, loxicamente, a publicación de varios dos seus libros de poesía. Dos seis editados entre 1964 e 1970, tres apareceron no exilio: *Versos para un país de minifundios*, Buenos Aires, 1969; *Versos para cantar en feiras e romaxes*, Buenos Aires, 1969; e *Remol*, Montevideo, 1970. Os outros tres foron editados en Galiza: *Proba documental*, 1968; *Os soños na gaiola*, tamén dese ano; e *Canciós do lusco ao fusco*, 1970.



No ano 1959 casa con Saleta Goi, compañeira e cómplice de toda a vida, e con ela vaise trasladar a Monforte. Son anos difíciles pois a precariedade do seu traballo de procurador obriga a complementalo con clases nunha academia e colaboracións xornalísticas ou radiofónicas, rexeitando o cargo de xefe de programación de La Voz de Vigo por obrigalo á afiliación á Falanxe

5. PRECISAMOS A LINGUA SE QUEREMOS VENCER

“Non comprendo como se pode estar co pobo desprezando a súa fala...”

O posicionamento xa claramente nacionalista a esta altura vaino levar, a pesar das dificultades do momento, a facer tamén en galego as súas colaboracións xornalísticas. A defensa do uso da lingua galega únea de xeito inseparábel á defensa dun futuro digno para Galiza: o dereito do pobo galego a vivir en Galiza e no seu propio idioma. Xa no plano literario estamos diante do autor que máis composicións poéticas lle dedicou a ese obxectivo.

(...)

Desconfía, ouh pobo meu!,
estén alerta contra aqueles
que deixan a túa fala
e din que te aman.

Quen non está contigo
é teu inimigo, aínda
que os seus beizos
che mintan un amor
que nunca alumou o seu corazón.

*(Versos para un país de minifundios,
1969)*

6. POEMAS PARA A XENTE MIÚDA

“Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno”

Ao situarse nunha perspectiva de restauración da nosa lingua e cultura en todos os ámbitos, trata tamén de chegar coa súa literatura ás novas xeracións nun momento no que nada existía en galego para elas.

A estrela sen nome

Eu sei dunha estrela
perdida nos ceios,
irmá dos meus soños
e dos meus anceios.

A estrela rebrilla
cando miro pra ela
cos ollos abertos
e ollada sinxela.

Eu sei que esa estrela
perdida na noite,
se cecais lle falo,
cecais ela escoite...

Eu sei dunha estrela
cal outra non vin:
se eu ollo para ela,
ela olla pra min...!

Eu sei dunha estrela!
Coa estrela eu soñei:
se ten nome ou non
é o que non sei...!

(Os soños na gaiola, 1968)

Ilustración de Noemí López



Con *Os soños na gaiola* (1968) podemos dicir que inaugura a poesía en galego para a xente miúda que, ademais, tivo e segue a ter unha gran difusión pola beleza dos seus poemas, o ritmo das composicións e a intencionada “inocencia” infantil que os caracteriza. Ademais, a súa musicalidade converteunos nun recurso constante para diversos grupos realizaren as súas pezas musicais, e contribuír dese xeito a unha aínda maior difusión.

A maior presenza do mundo rural en *Os soños na gaiola* vai ser compensada no seu segundo libro de poesía para nenos, *As rúas do vento ceibe* (1979), onde o mundo urbano é agora predominante.

7. A INTERVENCIÓN POLÍTICO-LITERARIA

“Para ver se as cousas van mellor, para ver se Galiza esperta dunha vez...”

No ano 1972 prodúcense as folgas operarias nas cidades de Ferrol en Vigo co resultado, na primeira delas, de mortos, feridos e centos de encarcerados. Estes feitos van estimular a creación de organizacións obreiras propiamente galegas e, en xeral, a estender a autoorganización dos diferentes sectores populares. Vai ser precisamente nesta época cando Manuel María escriba unha triloxía que representa a expresión máis

definida de sermos un pobo diferente: *Aldraxa contra a xistra* (1973), *Informe para axudar a alcender unha cerilla* (1973) e *Laio e clamor pola Bretaña* (1973). Todas elas van ter que ser publicadas no exilio -Xenebra, Montevideo e Lisboa- igual que as demais deste período.

Durante todos estes anos as represalias non se exerceron só contra a súa obra, senón tamén contra a súa persoa: multas por intervencións públicas e participación en manifestacións; prohibición de conferencias, recitais e mesas redondas; vixilancia domiciliaria e mesmo detencións arbitrarias...



Participando nun mitin nacionalista

8. O PESIMISMO DOS FEITOS E O REGRESO Á POESÍA INTIMISTA E AMOROSA

“...este anaco sinxelo de ledicia,
melancolía e soño que son eu”

O trienio 1977-1980 foi vivido con especial intensidade política por Manuel María, chegou mesmo a ser candidato ao Senado e á alcaldía de Monforte polo BNP. O cambio do réxime fascista ao democrático estaba a producir nel gran decepción e desacougo, pois non estaba a ser nada favorábel para o pobo galego. Culminou entón a súa poesía de compromiso directo e explícito coa política nacionalista e o espallamento da historia pasada e presente da nación galega con *Poemas para construír unha patria* (1977) e *As rúas do vento ceibe* (1979).

A partir de 1981, como compensación, contrapunto e necesidade vital, emprende unha especie de retorno aos inicios, nunca abandonados, no que se mestura, con equilibrio clásico, a nostalxia, a melancolía e a alegría, sen perder a preocupación polo futuro de Galiza. Nesta etapa vaise revelar, como un escritor na plenitude, por varios motivos:

1) prestar parella atención a todos os xéneros, aínda sendo a poesía o máis relevante; 2) publicar todos os libros que escribe e lograr editar os que, no seu momento, quedaran inéditos; 3) recibir, a cada paso máis,

homenaxes, premios, galardóns e recoñecementos, indicativos de que o tecido de hostilidade e incompreensión contra o poeta e a súa obra, polo seu inequívoco compromiso nacionalista, comezaba a romperse; 4) A evidencia da contundente magnitude e calidade da súa obra e o retorno, desde unha factura de serenidade clásica, do poeta aos temas relacionados coa súa intimidade, a mirada cara a dentro.



**O verdadeiro amor sempre é mencer,
claridade que nace porque si
na imprecisión total do noso ser.**

**Non teño outro desexo, máis querer,
que vivir, miña amiga, perto de ti
e, ao teu lado, soñar e envellecer.**

**(*Poemas da labarada estremecida*,
1981)**

9. TEATRO, NARRATIVA, ENSAIO E COLABORACIÓNS XORNALÍSTICAS

“Coñecer a fondo a nosa nación é esencial para calquera galego”

Aínda que a súa vocación literaria fundamental foi a poesía, Manuel María tamén cultivou abondosamente e con acerto todos os xéneros nun claro intento de dotar de normalidade a literatura galega. El coñecía a nosa historia cultural e artística como ninguén.



Representación de Abril de Lume e Ferro en Carral

Consciente do valor didáctico do **teatro** e da súa capacidade de intervención, escribe nada menos que 36 obras de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantís...) e de temática moi diferente

Na súa ampla obra **narrativa** parte con frecuencia do universo infantil, de espazos vividos e de personaxes e feitos reais para crear historias

dominadas pola identificación coa paisaxe e coa tradición, polo amor, sempre contadas con profundo lirismo.

O **ensaio** é o menos cultivado e o único que abandona nun período, de 1973 a 1984, xustamente cando a súa intensísima creación poética e o seu activismo cultural e político non lle deixan tempo para máis.

Cerca de mil cincocentos **artigos de prensa** mostran a gran formación humanística dun autor capaz de escribir con rigor sobre os temas máis diversos: literatura, arte, historia, patrimonio natural, lingua, etnografía, xeografía...

10. UN MONUMENTO LITERARIO QUE NOS DIGNIFICA

“Levamos toda a nosa vida amando a palabra...”

Con natural humildade Manuel María foi producindo unha obra que é, no campo da poesía, a mellor testemuña viva da situación e evolución do pobo galego na segunda metade do século XX. Alén diso, foi o escritor máis prolífico deste etapa (obra máis extensa), multifacético (diversidade de xéneros, rexistros e destinatarios) e popular (polas formas de difusión, polo contacto directo co público e por chegar a máis xente). A súa traxectoria coherente e o valor da súa obra foise impondo de xeito contundente á incompreensión

e á ollada despectiva dos que non aceptaban unha defensa tan clara de Galiza e da súa cultura, feita sempre desde un punto de vista nacionalista. Estamos ante unha obra monumental que produciu algúns dos máis elevados cumios da nosa poesía contemporánea, tanto na súa fasquía de poeta comprometido como na de poeta amoroso ou paisaxístico-telúrico, de formas clásicas ou vangardistas. Viviu toda a súa vida amando a palabra, con fidelidade absoluta á lingua galega, como escritor que, malia non poder vivir da escrita, exercía o seu oficio cunha profesionalidade e entrega admirábel, intentando contribuír, con tanta humildade como empeño, á rica tradición literaria na nosa lingua, actualizándoa e diversificándoa, tradición da que era excelente coñecedor.

*O 15 de febreiro de 2003
Manuel María ingresou na
Real Academia Galega co discurso
A Terra Chá: poesía e paisaxe.*



Na Casa-Museo, antiga Casa de Hortas onde naceu o escritor, consérvase e expónse ao público o seu importante legado: biblioteca, obra artística, documentación, obxectos persoais...



Chamei, de xeito pesado e insistente, a cada porta, batín en todos os corazóns, petei en todas as consciencias, andei os camiños que a vida e o azar puxeron diante dos meus ollos, berrei ata rebentar os pulmóns e quebrar a miña voz como un cristal, malgastei o herdo de paixón que recibín dos nosos antigos máis antigos e, ás veces, atopei unha compañía amiga e solidaria, xentes xenerosas máis atentas ao destino común que aos seus pequenos egoísmos persoais. Tamén tropecei con traidores, oportunistas e moitos, moitos desertores. Con todo, mereceu a pena tanto esforzo; o futuro -non o dubidedes- será noso. Déixovos o que teño: a miña escura voz para que cando sexa samente a sombra dunha sombra moi lonxana alguén se lembre de mín na miña tribo do mesmo xeito que a folla dun carballo lembra á brisa que a agarimou algunha vez.

Versos do lume e o vagalume, 1982



galicia

